

Código do documento	Código do expediente
UCP17100PP	UCP/2023/41
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0C3H 3L58 2Y50 1V1X 131V	

MMM

En sesión plenaria celebrada o 10/02/2023 aprobouse o proxecto de obra para a mellora da seguridade vial no Monte Alfeirán e a súa inclusión no Plan complementario do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023.

Coa execución desta obra preténdese ordenar o tráfico e conseguir un percorrido peonil continuado en toda a urbanización. Para o cal procederase a definir unha plataforma en toda a urbanización como sigue:

1. Os 5 metros centrais, rexidos polo eixo da rúa, estarán destinados ao tráfico rodado, mentres que o resto da plataforma quedará destinada ao percorrido peonil.
2. Disporase sinalización horizontal en toda a urbanización, delimitando os carrís e indicando sentidos e preferencias. Tamén disporase sinalización vertical para facilitar o tráfico e a circulación. As accións a acometer en cada eixo, que defínense:
 - O eixo 1 inclúe as rúas Castelao, Manuel Murguía, Eduardo Pondal y Rosalía de Castro. As actuacións a acometer neste eixe difiren por rúa:
Nas rúas Castelao, Eduardo Pondal e Rosalía de Castro defínese un carril por sentido de circulación, mentres que en gran parte da rúa Manuel Murguía defínese un só sentido de circulación e colócanse prazas de aparcamento. Manteranse as beirarrúas que están ben definidas, que son uns pequenos tramos en Eduardo Pondal. Mantéñense tamén os 5 metros centrais para a calzada e o resto demólese, reponse con zahorra e pavimento de formigón definindo o percorrido peonil. Os 5 metros de calzada sanéanse, fresando 1 cm da mestura bituminosa existente e repoñéndoa cunha capa de 4 cm de espesor. En Manuel Murguía, que está actualmente pavimentada en formigón, fresarase 1 cm de pavimento e repoñerase cunha capa de 4 cm mestura bituminosa. En Eduardo Pondal colócase unha barreira de seguridade onde se encontran as fincas sen edificar co fin de protexer aos vehículos e aos peóns do desnivel existente.
 - O eixo 2 inclúe as rúas Otero Pedrayo e Pardo Bazán. Ao longo de todo este eixo defínense dous carrís de circulación, un por cada sentido, mediante sinalización horizontal. Como ao longo de toda a urbanización, destínanse os 5 metros centrais da plataforma á calzada. Sanéanse, fresando 1 cm de pavimento e repoñendo unha capa de 4 cm de espesor. No resto da plataforma realízase un cajeado de 50 cm de profundidade que se repoñerá con 30 cm de zahorra e 20 cm de formigón, formando un arcén transitible.
 - O eixo 3 inclúe a rúa Xosé Neira Vilas. Realízanse as mesmas operacións que no eixo 2, pero mantendo o tramo de beirarrúa que está ben definida a un lado da plataforma.
 - O eixo 4 inclúe as rúas Benito Vicetto y Pintor Francisco Lloreén. Na practica totalidade deste eixo xa existe unha beirarrúa ampla e ben definida. Toda esta beirarrúa manterase e nos tramos onde non existe beirarrúa realízase a operación de cajeado e reposición con zahorra e formigón xa comentada nos eixos anteriores, mantendo como mínimo os 5 metros destinados á calzada. Defínese un carril por sentido de circulación, mediante sinalización horizontal.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
UCP17100PP	UCP/2023/41
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0C3H 3L58 2Y50 1V1X 131V	

- O eixo 5 inclúe as rúas Pintor Laxeiro e Ramón Maseda Reinante. Neste eixo tamén se define un carril por cada sentido de circulación, e manteranse as beirarrúas existentes. Na rúa Pintor Laxeiro defínense prazas de aparcamento en paralelo a ambos lados da rúa. Defínese un carril por sentido de circulación, mediante sinalización horizontal.

O Pleno a Deputación, na sesión ordinaria realizada o 26/5/2023, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario.

A Deputación, mediante resolución da Presidencia, declarou cumprida a condición de existencia de remanentes xerados pola maior achega provincial ao POS+ 2023 e, en consecuencia, considerou aprobada a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2023 por maior achega provincial.

En base a todo o cal ORDENO:

Iniciar o expediente de contratación da obra de "Mellora da seguridade vial no Monte Alfeirán", por importe de 498.465,76 € IVE incluído [valor estimado do contrato = 453.150,68 (= importe do contrato sen incluír o IVE: 411.955,17+ 10%; posible aumento de medicións en certificación final: 41.195,51€)].

Considerando que o valor estimado é inferior a 2.000.000 euros e que entre os criterios de adxudicación a empregar non haberá ningún avaliable mediante xuízo de valor, o procedemento a empregar será o aberto simplificado, de conformidade co artigo 159 LCSP.

Culleredo, a data da sinatura dixital

A concelleira delegada da área de economía, facenda e urbanismo
P.D. Res. núm. 1260/23 do 04/07/2023 (BOP núm. 131 do 11/07/2023)
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H

SERVIZO DE ECONOMÍA E FACENDA